

DECRETO

ASUNTO: DESESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA RESULTADO DE PROCESO SELECTIVO

Asunto.- Desestimación do Recurso de Alzada.

Visto:

.- O escrito de dona Trinidad López Pérez , presentado o 26/12/2017 con RE 18226.

.- O informe do Tribunal das probas selectivas que nos ocupan sobre o mencionado escrito contido en acta de dito tribunal cualificador de data 16 de xaneiro de 2018, na que se indica:

“Primeiro.- Aberta a sesión pola Sra. Presidenta, procedese a dar conta ó tribunal do recurso plantexado pola aspirante dona Trinidad López Pérez o 26/12/2017 con RE 18226.

Unha vez indicado isto, debemos ter en conta que conforme ós artigos 121 e 122 da vixente Lei 39/2015 do procedemento administrativo común, é, á vista do disposto polo artigo 115.2 da mesma norma, ó dispoñer que o erro na ou a ausencia da calificación do recurso por parte do recorrente non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter, sitúanos ante a debida tramitación dun recurso de alzada fronte ó acordo do tribunal relativo ó resultado do proceso selectivo e valoración de méritos en acta de data 22/12/2017 que debe resolver o alcalde.

Segundo.- Así mesmo o artigo 118.2 da Lei 39/2015 indícanos que, de existir outros interesados, débese dar traslado do recurso a estes concedéndolles un prazo de alegacións de ó menos dez días hábiles.

Resultando claro neste caso que existen outros interesados no recurso, concretamente, os outros dous aspirantes que concorreron ó mesmo.

Polo que para garantir os seus dereitos seralles notificado a estes a interposición do recurso que nos ocupa concedéndolles un prazo de 10 días hábiles, para que si é o seu desexo, poidan formular as alegacións que estimen oportunas ó respecto.

Terceiro.- Continuando co asunto debemos salienta que o artigo 121.2 da Lei 39/2015 obriga a este Tribunal a remitir a alcaldía unha copia do expediente e o informe ó respecto do recurso de alzada que nos ocupa nun prazo de dez días dende o seguinte o da súa presentación polo que , para dar cumprimento a esta obriga este Tribunal remite neste acto informe respecto as alegacións que fundamentan o recurso de alzada que nos ocupa, e, posteriormente, de recibirse alegacións dalgún interesado, remitirá informe das mesmas.

Cuarto.- En síntese a recorrente alega:

Por unha parte que os cursos non valorados na fase de concurso apartado de COÑECEMENTOS EXTRAACADÉMICOS ADQUIRIDOS EN CURSOS MONOGRÁFICOS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL OU PROXECTOS DE EMPREGO contan en todo caso co número de horas de formación e o seu contido atópase relacionado coa praza obxecto da selección.

O respecto o tribunal debe disentir da recorrente pois o punto 5 das bases dispón:

“5.- MODO DE ACREDITACIÓN DE MÉRITOS.-



Deberase acompañar á solicitude as xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación co emprego que se convoca, mediante:

- **Copia autenticada da/s titulación/s, cursos, máster, etc. nos que deberá constar claramente número de horas e contido formativo e se contén aproveitamento ou non.**

Requisito que non cumprían os cursos denominados :

Planificación empresarial, pois si ben constan no mesmo as horas nada reflexa a documentación presentada xunto a solicitude de participación en canto ó contido formativo de dito curso.

Tampouco a acción formativa detección de novos xacementos : Metodoloxías de aplicación nun territorio que ó igual que o anterior, si ben constan no mesmo as horas nada reflexa a documentación presentada xunto a solicitude de participación en canto ó contido formativo de dito curso.

Exactamente ocorre cos cursos/accións formativas denominados " Os entes Locais e a Unión E Europea" , " instrumentos de financiación comunitaria" e co denominado " Saúde Ambiental" que novamente si recollen as horas da actividade pero nada reflexa a documentación presentada xunto a solicitude de participación en canto ó contido formativo de ditos cursos.

O outro curso sobre o que a recorrente manifesta a súa desconformidade con que non fora valorado, concretamente o denominado "congreso Monforte Porta da Ribeira Sacra , historia, cultura..." aínda que conta con expresión do número de horas e das actividades realizadas, á vista do contido do mesmo ó tribunal apreciou que non se atopaba relacionado coas funcións da praza á que se aspiraba polo que procedeu a non varolalo.

Quinto.- Resulta especialmente salientable que a recorrente achega xunto ó seu recurso un gran número de documentación coa que trata de acreditar o contido formativo dos cursos antes indicados, contradicindo asía a súa pretensión anterior, sobre a cal debemos manifestar que conforme o disposto pola bases no seu apartado 11 PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN
(...)

A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala no apartado anterior, determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal. Nin o Concello nin o Tribunal Seleccionador requirirá aos/ás interesados/as para que os acrediten.

Non é posible a aportación de ningunha documentación pola interesada, agora recorrente, logo de expirar o prazo de presentación de instancias ó que se engade que a documentación agora presentada tampouco cumpreo establecido en canto a forma de acreditación dos méritos.

Pois, sendo as bases da convocatoria, a norma suprema do procedemento selectivo, as que impiden a aportación de nova documentación ou o requirimento de subsanación ós participantes, e sendo aceptadas estas pola recorrente que aceptou participar no proceso selectivo admitíndoas, nada podería alteralas nin a pretendida xurisprudencia que a recorrente invoca de forma xenérica sen acreditar a identidade dos supostos de feito e dereito e sen nin sequera indicar a resolución, data, tribunal referencia.... que permitira ó tribunal examinala.

Sexto.- Polo exposto o Tribunal acorda:



1º.- Notificar a interposición do recurso con copia do mesmo os restantes aspirantes que presentaron solicitude de participación no proceso selectivo concedéndolles un prazo de alegacións de 10 días hábiles.

2º.- Remitir copia desta acta a Alcaldía pois nela contense o informe do Tribunal respecto as alegacións que fundamentan o recurso de alzada que nos ocupa, e, posteriormente, de recibirse alegacións dalgún interesado, remitir informe das mesmas."

.- A dilixencia da secretaria do tribunal indicando que o día 1 de febreiro de 2018 non tiveran entrada alegación dos restantes aspirantes en relación o recurso que nos ocupa.

RESOLVO

Primeiro.- Desestimar o Recurso de Alzada interposto por dona Trinidad López Pérez , presentado o 26/12/2017 con RE 18226) contra o resultado do PROCESO SELECTIVO URXENTE POLO SITEMA DE CONCURSO PARA A SELECCIÓN DUN/HA AEDL AO ABEIRO DA ORDE DE 11 DE SETEMBRO DE 2017 DA CONSELLERÍA DE ECONOMIA EMPREGO E INDUSTRIA.

Segundo.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello e notificar a mesma aos interesados e informarlles que contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderá o interesado interpor recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación.

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
Ordena e asina o Sr. Alcalde
Certifica e asina o Sr. Secretario



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROÇA-ALCALDE-PRESIDENTE - 05/02/2018
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 05/02/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 05/02/2018 09:14:36

